



CONCELLO DE CHANTADA

EXPEDIENTE: 1021/2019

OBXECTO: RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN DE POR CHANTADA CUP AO SC 5/2019.

INFORME DE SECRETARÍA E INTERVENCIÓN

Dona María Yebra-Pimentel López, Funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional que desempeña o posto de Secretaría do Concello de Chantada, e Dona María Cristina González Santín, que desempeña o posto de Intervención do Concello de Chantada, en cumprimento das obrigas establecidas no RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional emiten o seguinte:

INFORME

ANTECEDENTES

A documentación fundamental que obra no expediente é a seguinte:

- Providencia de Alcaldía de setembro de 2019, pola que se ordea a incoación do expediente de suplemento de crédito, a emisión do informe da intervención municipal e a posterior aprobación polo órgano competente.
- Memoria Anexa ao expediente de suplemento de crédito..
- Fiscalización de intervención municipal.
- Proposta do Pleno da Coporación para a aprobación do suplemento de crédito 5/2019.
- Certificado do acordo Pleno do Concello de Chantada en sesión celebrada con data 3 de outubro de 2019 polo que se procede á aprobación inicial do suplemento de crédito
- Alegacións presentadas por D. Antom Fente Parada, con R.E. número 217, de 28 de outubro de 2019.
- Informe conxunto de Secretaría e Intervención.
- Certificación do acordo do Pleno do Concello de Chantada en sesión celebrada con data 28 de novembro de 2019 polo que inadmiten as alegacións presentadas e se aproba definitivamente o expediente.
- Recurso potestativo de reposición de Por Chantada-Cup ao suplemento de crédito 5/2019, interposto mediante escrito con Rexistro de Entrada 4473, de 5 de decembro de 2019.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A normativa fundamental que resulta de aplicación ao expediente é a seguinte:

- RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

- Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.
- RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei Reguladora das Facendas Locais.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- Improcedencia da interposición de recurso administrativo contra o orzamento.

O artigo 177.2 do TRLRFL, referido á tramitación que debe seguirse para a aprobación dos suplementos de crédito e dos créditos extraordinarios, remítese ao procedemento establecido para a aprobación do orzamento ao sinalar que: *“O expediente, que deberá ser previamente informado pola Intervención, someteráse á aprobación do Pleno da Corporación, con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os orzamentos. Serán asimesmo de aplicación, as normas sobre información, reclamacións e publicidade dos orzamentos ás que se refire o artigo 169 desta Lei”*. Asimesmo, o artigo 38.3 do RD 500/1990 sinala, en canto aos créditos extraordinarios e aos suplementos de crédito que: *“Igualmente serán aplicables as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da Entidade á que se refire o artigo 23”*.

O artigo 177.1 do TRLRFL sinala que: *“Contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establezan as normas de dita xurisdicción”*. Este precepto é complemento do artigo 113.1 da LRBRL, que sinala: *“Contra os actos que poñan fin ás reclamacións formulada sen relación cos acordos das Corporacións en materia de orzamento(...) os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo”*. O artigo 23 do RD 500/1990, pronúnciase no mesmo senso ao sinalar que: *“Contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que se establezan nas normas reguladoras de dita xurisdicción”*.

O artigo 112.3 da LRXPAC sinala que: *“Contra as disposicións administrativas de carácter xeral non caberá recurso algún en vía administrativa”*.

A xurisprudencia afirma que o orzamento municipal ten natureza de disposición administrativa de carácter xeral. Cabe sinalar, a título de exemplo de 28 de febreiro de 1996, que declarou que, por canto o orzamento municipal pode considerarse como disposición xeral, era incluíble na previsión do artigo 39.1 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa de 1956, entóns vixente, segundo a cal as disposicións de carácter xeral que dictaren, entre outras Administracións, as Entidades Locais, poderían ser impugnadas directamente ante a xurisdicción contenciosa unha vez aprobadas definitivamente en vía administrativa.

Finalmente, o artigo 116 da LRXPAC sinala entre as causas de inadmisión dos recurso a seguinte: *“c) Tratarse dun acto non susceptible de recurso”*.

CONCLUSIÓN

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

Exposto canto antecede e, considerando que o a tramitación dun suplemento de crédito é a mesma que a prevista para o orzamento, cabe concluir que non procede contra esta aprobación definitiva a interposición de recurso administrativo de reposición, polo que procede a inadmisión do recurso presentado.

Chantada, na data sinalada dixitalmente á marxe

A Secretaría

María Yebra-Pimentel López

A Interventora

María Cristina González Santín

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 72DH6CRK4SSC9FHNMHFFG9TTN | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3